



Grupo Municipal  
RIBEIRA

## AO ORGANISMO AUTÓNOMO AUGAS DE GALICIA

**M<sup>a</sup> DOMINGA BRIÓN SANMIGUEL**, Concelleira-voceira do grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** no Concello de Ribeira con DNI nº 33.257.400K, e con domicilio, a efectos de notificación en Ribeira, Rúa da Amarella, 2 Entrechán, teléfono 626.443.532, ante a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e ante a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Meio Ambiente e Desenvolvemento Sostible,

### EXPÓN

Que, a través de Resolución da Presidencia da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos publicada no Diario Oficial de Galicia, nº 99, de 24 de Maio do 2007, foi sometida a información pública, por prazo dun mes, o anteproxecto referido ao contrato de concesión de obra pública de colectores xerais e da estación depuradora de augas residuais de Ribeira (Clave OH.315.679), para os efectos previstos no artigo 228.3º do Real Decreto 2/2000, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

Que o saneamento integral de todo o Concello é unha vella reivindicación do BNG, conscientes da necesidade de dotarnos do mellor sistema de tratamento das augas residuais para o desenvolvemento sustentábel de Ribeira, preservando a riqueza da Ría da Arousa e o privilexiado entorno natural do que contamos: Parque Nacional das Illas Atlánticas, Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Rede Natura e outros espazos de especial protección.

Que, como Voceira do Grupo Municipal do BNG do concello de Ribeira e partindo da miña consideración de interesada na totalidade do expediente relativo á depuración das augas residuais deste concello, a través do presente escrito **VEÑO A PERSONARME** no referido expediente ao tempo que presento as seguintes

### ALEGACIÓNS

**PRIMEIRA:** solicitando que o presente anteproxecto sexa sometido ao trámite de avaliación de impacto ambiental.

O artigo 228.3 da Lei 2/2000, pola que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, modificada pola Lei 13/2003, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, establece que *“o anteproxecto será sometido a información pública polo prazo dun mes [...]. Este trámite de información pública servirá tamén para cumprimentar o que concierne ao estudo de impacto ambiental, nos casos nos que a Declaración de Impacto Ambiental resulte preceptiva e non se houbera efectuado dito trámite con anterioridade [...].”*

Dacordo co disposto no artigo 1, apartado 2, do Real Decreto 1302/1986, de avaliación de impacto ambiental, modificado pola Lei 6/2001, -que ten carácter básico e, polo tanto, é de aplicación en todo o ámbito do Estado-, *“os proxectos públicos ou privados, consistentes na realización das obras, instalacións ou de calquera outra actividade comprendida no anexo II deste Real Decreto legislativo só deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental na forma prevista nesta disposición, cando así o decida o órgano ambiental en cada caso. A decisión, que debe ser motivada e pública axustarase aos criterios establecidos no anexo III”*.

Esta mesma obrigaón aparece establecida de forma igualmente clara no artigo 4 da Directiva 85/337/CEE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente, á que se ten que adaptar a lexislación de impacto ambiental dos Estados membros:

*“2. Sen prexuízo do disposto no apartado 3 do artigo 2, no que respecta aos proxectos enumerados no anexo II, os Estados membros determinarán:*

*a) mediante un estudo caso por caso, ou*

*b) mediante umbrais ou criterios establecidos polo Estado membro, se o proxecto sera obxecto dunha avaliación de conformidade co establecido nos artigos 5 a 10”*.

E continúa dicindo este mesmo artigo 4, no seu apartado 4:

*“4. O Estados membros velarán por que o público poda ter acceso ás resolucións das autoridades competentes en virtude do apartado 2”*.

Entre os proxectos contemplados neste apartado 2 do artigo 4 da Directiva 85/337/CEE ou no apartado 2 do artigo 1 do Real Decreto Legislativo 1302/1986, o anexo II da Directiva, no seu grupo 11, inclúe as *“plantas de tratamento de augas residuais (proxectos non incluídos no anexo I)”* o mesmo que o anexo II do Real Decreto Legislativo 1302/1986, no seu grupo 8, apartado d), inclúe as *“plantas de tratamento de augas residuais superiores a 10.000 habitantes-equivalentes”*.

**Dado que a EDAR que se pretende construír en Aguiño está proxectada para 80.000 habitantes-equivalentes, tería que ter habido unha resolución pública previa da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre se este anteproxecto ten que ser sometido ou non ao trámite de avaliación ambiental.**

Para tal resolución, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental terá que ter en conta os criterios establecidos no anexo III da Directiva 85/337 e do Real Decreto Legislativo 1302/1986. A vista de tais criterios **a resolución terá que ser a de que o anteproxecto ten que ser sometido ao trámite de avaliación de impacto ambiental**, habida conta de que as instalacións proxectadas afectan á zona de protección do Dominio Público Marítimo Terrestre, de que as augas de depuración se verten a un espazo natural protexido (parque nacional das Illas Atlánticas) ou de que a Depuradora se pretende ubicar nun espazo que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza estuda incluír na Rede Natura co obxectivo de dar continuidade ao Parque Nacional das Illas Atlánticas ata unilo co parque natural de Corrubedo.

En calquera caso, atendendo aos principios e finalidade da lexislación de impacto ambiental, -de *“prever e evitar os impactos antes de que se produzan”* e de que é fundamental favorecer a participación do público- non parece procedente que un proxecto coma este poda ser levado a cabo sen antes dar a oportunidade á opinión pública de alegar sobre aspectos tan relevantes como:

-se en lugar de unha única depuradora pode ser ambiental e socialmente máis viable que a construción de depuradoras máis pequenas, unha para cada lugar;

-cal dos trazados e ubicacións da planta de depuración de augas residuais é ambiental e socialmente máis viable;

-ou sobre se o polígono industrial de Xarás non debera ter unha depuradora propia e específica en lugar de estar conectado cáseque directamente aos colectores municipais.

## **SEGUNDA: solicitando unha depuradora específica para o polígono industrial de Xarás**

No anexo 5, estudo de demografía e caudais da Memoria deste anteproxecto, faise o cálculo dos caudais que se teñen que bombear e depurar na EDAR de Aguiño, partindo dos datos de poboación do 2005 proxectados a un horizonte de 25 anos. Polos datos aportados neste anexo 5, a EDAR ten que atender a unha poboación futura (ano 2030), expresada en habitantes-equivalentes (cunha demanda biolóxica de osíxeno a cinco días de 60 gr/día) de 83.631 habitantes-equivalentes, dos que 43.183 corresponden á poboación real e o resto (40.448 hab.eq) ás augas residuais industriais procedentes do polígono industrial de Xarás.

No cálculo da poboación equivalente correspondente a este polígono hai que empezar por destacar a elevada carga contaminante das empresas conserveiras do polígono, cunha DBO5 moi por riba mesmo dos 1000 mg/litro de máxima que admite a ordenanza do concello de Ribeira para a conexión á rede municipal de colectores. O cálculo que se fai no anexo recóllese na seguinte táboa:

INDUSTRIAS	CAUDAL (m <sup>3</sup> /día)	DBO5 (mg/l)	Habitantes-equivalentes
Frinsa	1025	2000	34.167
Resto conserveiras	200	1000	3333
Resto polígono	30 Has x 48 m <sup>3</sup> /día= 840	_____	840.000 L/285 l/día =2.948
<b>TOTAL</b>			<b>40.448</b>

Dos datos desta táboa hai que deducir que non resulta racional que toda esta carga contaminante sexa incorporada ás augas residuais urbanas, pois, por unha parte trátase dunha carga contaminante moi específica que é mais doado de tratar illadamente, e por outra ven a engadir enormes custes e problemas aos bombeos ata a ubicación da EDAR e á mesma depuración. **A incorporación desta elevada carga contaminante á rede municipal de augas residuais significa, a maiores, que, co sistema de tarifa proposto na memoria, a poboación de Ribeira no seu conxunto está a financiar os custes de depuración dunha contaminación procedente da actividade empresarial o cal está en contra do principio de “quen contamina paga”, que hoxe está a guiar toda a política de responsabilidade ambiental.**

Se a isto se lle suman os problemas de cheiro que provoca esta carga contaminante e que xa ten dado lugar, -como se explica na memoria-, ao desdoblamento en paralelo da rede de colectores procedente do polígono (unha para as augas do polígono e a outra para as augas residuais procedentes das vivendas urbanas) e máis ao selado con silicona dos colectores procedentes do polígono de Xarás, **parece evidente que, cando menos, se deba estudar a alternativa de dotar ao polígono de Xarás dunha depuración específica completa, ben por empresas ou ben para o conxunto do polígono.**

### **TERCEIRA: Solicitando ampliación do prazo de exposición pública**

*O artigo 228.3 da Lei 2/2000 antes citada establece que “o anteproxecto será sometido a información pública polo prazo dun mes, prorrogable por idéntico prazo en razón da súa complexidade, para que podan formularse cantas observacións se consideren oportunas sobre a ubicación e características da obra, así como calquera outra circunstancia referente á súa declaración de utilidade pública, e dará traslado deste para informe aos órganos da Administración Xeral do Estado, as comunidade autónomas e corporacións locais afectadas”.*

En relación ao proxecto que nos ocupa, con independencia do exposto na alegación anterior sobre a obrigatoriedade da avaliación de impacto ambiental, **é evidente que o trazado dos colectores, a ubicación das estacións de bombeo e dos pozos de tormenta, a ubicación da estación depuradora, a delimitación e cálculo dos caudais de depuración, o cálculo dos custes de instalación e**

**explotación, etc.-, constitúen argumentos contundentes como para xustificar a ampliación do prazo permitida no artigo anteriormente citado da Lei 2/2000.**


En efecto, alternativas como a de dotar de depuración propia e específica ao polígono de Xarás; o estudo de viabilidade de apostar por depuradoras para cada núcleo de poboación co fin de aforrar en bombeos ou facer máis doada a depuración, ou a procedencia de acometer un trazado para os colectores que evite a infiltración de auga do mar que se sinala na memoria obrigando a tratamentos de desalinización para non engadir dificultades á depuración biolóxica na EDAR, non poden ser acometidas sen un profundo estudo e reflexión.

Por todo o anterior, atendendo aos argumentos que quedan expostos

## **SOLICITA**

1. **Que** antes de calquera adxudicación do contrato de construción e explotación da EDAR se proceda a elaboración do correspondente Estudo de Impacto Ambiental e que, xunto co anteproxecto, se someta ao trámite de avaliación de Impacto Ambiental.
2. **Que,** no dito Estudo de Impacto, se estuden, tal como esixe a lexislación de impacto ambiental vixente, as distintas alternativas posibles, e expresamente a de apostar non por unha depuración específica para o polígono industrial de Xarás e por depuradoras máis pequenas para cada núcleo de poboación.
3. **Que,** no caso de non ser viables outras alternativas, a EDAR que está previsto instalar en Pinisqueira sexa trasladada a unha nova ubicación, o máis lonxe posible das vivendas co obxectivo de evitar posibles molestias á cidadanía. Ademais:
  - a. Que na Ameixida a ubicación do bombeo prevista nesta zona se separe o máximo das casas, incorporándoo na explanada portuaria.
  - b. Que en Castiñeiras o bombeo que está previsto no paseo marítimo se ubique na explanada portuaria.
  - c. Que en Listres o bombeo e tanque de tormentas respecte o entorno e se dote o lugar de zonas verdes e instalacións deportivas.

En Ribeira, a 25 de xuño de 2007



Asdo.: Mª Dominga Brión Sanmiguel  
Voceira Grupo Municipal BNG